



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2023/C004/000021

Ref.:SEC

DECRETO DE DETERMINACIÓN DOS SERVIZOS MÍNIMOS A PRESTAR NA FOLGA CONVOCADA PARA OS VINDEIROS DÍAS, 10, 11, 24 e 25 de SETEMBRO de 2025 NO ÁMBITO DO CONCELLO DAS PONTES: SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

ANTECEDENTES

1. O día 05/09/2025 pola empresa SERVICIOS SOCIAIS VIRXE DO CARME SL., adxudicataria do Servizo de Axuda no Fogar neste Concello, presentouse escrito a través do rexistro telemático deste Concello (RE núm. 202599900003675), polo que se deu conta da comunicación da convocatoria de folga no sector da actividade dos Servizos de Axuda no Fogar no ámbito de tódolos Concellos de Galicia, folga que terá efecto os días 10,11, 24 e 25 de setembro de 2025 dende as 00:00h ata as 23:59h dos días convocados, achegando a seguinte documentación:

-Acordo da Convocatoria de folga asinado polo representante da Federación de servizos da Confederación Intersindical Galega (C.I.G) dirixido a autoridade competente así como a tódalas entidades, empresas e demais interesados no ámbito do reflectido sector de actividade.

-Proposta de servizos mínimos efectuada pola adxudicataria do servizo.

2. A Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda a domicilio reflicte o contido do servizo, con atencións de carácter básico (levantarse e deitarse, hixiene persoal, réxime alimentario,...), en particular a persoas maiores con déficits de autonomía e a persoas con discapacidade; por iso, considerase como servizo esencial, xa que a súa interrupción podería afectar a bens e dereitos constitucionalmente protexidos, como son o dereito á saúde e a integridade física e moral que sinalan os artigos 15, 43 e 49 da Constitución; tales dereitos poderían verse comprometidos fronte ao exercicio lexítimo do dereito á folga. A intensidade dos servizos de axuda no fogar non teñen a mesma incidencia en todas as persoas usuarias, posto que iso depende do grao de autonomía para a realización das actividades instrumentais da vida diaria; as persoas con limitacións para realizar tarefas básicas da súa vida diaria para a súa saúde ou integridade física ou psíquica, precisan dos servizos afectados pola folga convocada.

LEXISLACIÓN APLICABLE

1. O artigo 28.2 da Constitución reconece o dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses, precepto que prevé que a lei que regule o seu exercicio establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais para a comunidade, sendo tal lei actualmente o Real Decreto-lei 17/1977, de 4 de marzo, sobre relacións de traballo, en cuxo artigo 10, parágrafo 2º, establécese que cando a folga se declare en empresas encargadas da prestación de calquera xénero de servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade e concorran circunstancias de especial gravidade, a Autoridade Governativa poderá acordar as medidas necesarias para asegurar o funcionamento dos servizos.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Telef.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2023/C004/000021

Ref.:SEC

2. Así, o concello ven obrigado polo ordenamento a establecer as garantías necesarias que fagan posible o funcionamento dos servizos esenciais da Comunidade, aínda que iso debe vir inspirado polos principios e criterios establecidos ao efecto polo Tribunal Constitucional, entre os cales son destacables o de proporcionalidade dos sacrificios e o da menor restrición posible do dereito de folga. Para ese efecto, garantíranse os servizos mínimos indispensables, nas inescusables condicións de seguridade e co persoal estritamente preciso, na medida que a índole do seu labor permítalo, tendo en conta que *«exista unha razoable proporción entre os servizos a impoñer aos folguistas e os prexuízos que padezan os usuarios daqueles, evitando que os servizos esenciais establecidos supoñan un funcionamento normal do servizo e ao mesmo tempo procurando que o interese da comunidade sexa perturbado pola folga soamente en términos razoables»*.
3. En virtude do anterior, faise preciso o establecemento duns servizos mínimos durante a folga que permitan o cumprimento do dereito a folga dos traballadores e, ao tempo, a prestación dos servizos públicos esenciais de cara á cidadanía, polo que, de conformidade co disposto no artigo 28.2 da Constitución Española; no Real Decreto-lei 17/1977, de 4 de marzo, sobre relacións de traballo; e na Resolución 1529/2023, do 05 de xullo, de delegación de competencias nas concellarías,

RESOLVO:

- 1º) Determinar os seguintes servizos mínimos no ámbito do servizo de axuda no fogar, diante da convocatoria de folga no ámbito do Servizo de Axuda no Fogar, no que atinxe o Concello das Pontes de García Rodríguez por parte da Confederación Intersindical Galega (CIG), para os días 10,11, 24 e 25 de setembro de 2025:
 - o 100% dos servizos de atención persoal en dependencia e libre concorrència daqueles usuarios que teñan recollido no seu proxecto de intervención a necesidade de apoio persoal, alimentación e aseo, levantar e deitar e que non contén con apoio no domicilio.
- 2º) Os referidos servizos mínimos acórdanse ao estimarse proporcionais ás dotacións ordinarias e para manter a axeitada prestación do servizo concernido no ámbito de actuación deste concello.
- 3º) Estes servizos mínimos tenos que prestar, preferentemente, se o hai, o persoal que non exerza o dereito de folga. A empresa debe asegurarse que as persoas designadas para facer os servizos mínimos reciban unha comunicación formal e efectiva da designación.
- 4º) O persoal destinado a cubrir os servizos mínimos está suxeito aos dereitos e os deberes que establece a normativa vixente.
- 5º) A empresa manterá informado ao concello das incidencias que puidera haber no desenvolvemento da folga.
- 6º) Dar traslado deste decreto á empresa prestadora do servizo para que adopte as medidas necesarias para garantir os citados servizos mínimos; ao sindicato convocante da folga; e á Consellería de Economía, Emprego e Industria para os efectos oportunos.
- 7º) Publicar este decreto no taboleiro de anuncios electrónico do concello para o seu xeral coñecemento.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2023/C004/000021

Ref.:SEC

8º) Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contado dende o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado n.º 1 de Ferrol.

Maila o anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (art. 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Ferrol.

Así mesmo, poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez, na data da súa sinatura dixital.

A Concelleira delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación (*Decreto n.º 2000/2024 delegación de competencias nos membros da Corporación municipal*)

Tania Pardo Cabarcos